GDR PONTEVEDRA · MORRAZO

www.gdrpontevedramorrazo.eu

#somosGDR

ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO

LEADER 23-27

DOCUMENTO F

COORDINACIÓN COAS ESTRATEXIAS GLOBAIS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

GDR PONTEVEDRA · MORRAZO

Índice

1. Introdución 5

1.1. Introdución ao apartado 7

2. Procedementos e actuacións durante a elaboración da estratexia para a súa coordinación coas dos restantes territorios de Galicia 9

2.1. Mecanismos xerais de coordinación no proceso de elaboración da estratexia 11

2.2. Grupos temáticos 14

2.2.1. Grupos focais 15

2.2.2. Grupos territoriais 15

2.2.3. Grupos de traballo 16

3. Mecanismos e procedementos que se van implantar ao longo do período 2023-27 para asegurar a execución da estratexia de xeito coordinado co resto de GDR de Galicia 25

3.1. Mecanismos de coordinación 27

3.1.1. Taller de lanzamento: visión xeral das EDLP dos GDR galegos 27

3.1.2. Grupos de traballo 27

3.1.3. Base de datos de proxectos 27

3.1.4. Impulso de proxectos de cooperación 28

4. Mecanismos e procedementos para asegurar a execución da estratexia no marco da PAC 29

4.1. Metodoloxía de traballo 31

4.1.1. Identificación dos ámbitos prioritarios para o aliñamento e establecemento de directrices 31

4.1.2. Xornadas informativas e formativas para o persoal técnico dos GDR 31

4.1.3. Reunións de seguimento 32

4.1.4. Gobernanza 32

5. Anexo: Resumo de actividades e comunicacións 33

5.1. Resumo de actividades 35

5.2. Comunicacións 37

1. Introdución

1.1. Introdución ao apartado

Este documento sintetiza os contidos referentes ás propostas de coordinación coas estratexias globais de desenvolvemento rural de Galicia do Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra Morrazo, que corresponde ao apartado F do anexo C das bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

Os mecanismos e actuacións que se describen a continuación reflicten o marco de coordinación previsto á data de entrega deste documento. A coordinación da estratexia do GDR Pontevedra-Morrazo coas dos restantes territorios de Galicia, e con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Administración autonómica no marco da PAC, concíbese como unha actividade continua ao longo de todo o período. Polo tanto, os citados mecanismos e actuacións adaptaranse e desenvolveranse de forma dinámica, en función das necesidades derivadas da execución da estratexia do GDR así como do contexto de planificación e gobernanza no que esta se insire, especialmente a nivel galego.

O principal obxectivo deste documento é o recoller os mecanismos de coordinación para sentar as bases dunha actuación coordinada entre os GDR galegos.

Os contidos deste apartado fan referencia a tres aspectos:

1. Descrición dos procedementos e as actuacións levadas a cabo durante a elaboración da estratexia para a súa coordinación coas dos restantes territorios de Galicia, co fin de maximizar as sinerxías e complementariedades entre os diferentes territorios.
2. Mecanismos e procedementos que se van implantar ao longo do período 2023-27 para asegurar a execución da estratexia de xeito coordinado coas restantes estratexias dos GDR de Galicia.
3. Mecanismos e procedementos para asegurar a execución da estratexia de xeito aliñado co resto de medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Administración autonómica no marco da PAC.

2. Procedementos e actuacións durante a elaboración da estratexia para a súa coordinación coas dos restantes territorios de Galicia

2.1. Mecanismos xerais de coordinación no proceso de elaboración da estratexia

O marco de partida para coordinar a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) cos restantes GDR de Galicia veu dado pola Resolución de AGADER do 18 de maio de 2022 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 20 de abril de 2022 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (DOG de 2 de xuño de 2022). O artigo 6.1 destas bases reguladoras establece que "Co fin de optimizar os resultados da medida Leader en Galicia no período 2023-2027, requírese que a preparación das diferentes estratexias de desenvolvemento local estea coordinada a través dunha asociación de GDR de Galicia que agrupe polo menos a dous terzos dos GDR de Galicia".

O GDR Pontevedra-Morrazo decidiu adheriuse a ese marco xeral de coordinación a través da Asociación de GDR de Galicia, o que se plasmou na súa participación nas seguintes accións concretas:

1. Subscrición do Convenio de colaboración entre a Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo) para a coordinación das propostas de estratexias de desenvolvemento local LEADER dos 24 GDRs de Galicia no período de programación 2023-2027.
2. Utilización da "plantilla" ou guía común que se confeccionou no marco do citado Convenio para a elaboración das EDLP dos GDR de Galicia, así como do repositorio de documentos e o visor SIX-Web asociados. Isto permitiu coordinar cos restantes territorios de Galicia o contido dos diferentes apartados da estratexia, así como contar cunha información e documentación de partida común para a elaboración das estratexias dos diferentes GDR.
3. Participación do Grupo nas reunións organizadas pola Asociación de GDR de Galicia para discutir e afinar os instrumentos de coordinación antes mencionados. En concreto, o GDR Pontevedra-Morrazo participou nas seguintes reunións de coordinación:

Táboa 1. Espazos de participación na elaboración da EDLP: fase de diagnose

Data	Reunión
18/03/2022	Reunión GDRs con Agader para a presentación do Programa Aldeas Intelixentes de Galicia
08/06/2022	Reunión Comité Seguimento Agader cos GDRs
13/06/2022	Reunión 30 Aniversario Avaliación LEADER (Concello de Cenlle)
20/06/2022	Asemblea Xeral ordinaria da Asociación de GDR, debatindo e acordando posibles accións de coordinación das Estratexias
28/07/2022	Reunión de Agader cos GDRs para coordinación de Estratexias
11/08/2022	Asemblea xeral da Asociación de GDR de Galicia para aprobación do Convenio
16/09/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR – Universidades
29/09/2022	Reunión de coordinación AGADER – GDRs

Data	Reunión
24/10/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR – Universidades
07/11/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR – Universidades
10/11/2022	Asemblea Xeral da Asociación de GDR para a coordinación de Estratexias
15/11/2022	Participación no cuestionario online para os GDR sobre o interese na creación de Grupos Temáticos e definición de temas
16/11/2022	Reunión para coordinación do Seminario sobre Redes, Grupos e Retos (para o día 12/12/2022)
17/11/2022	Reunión de Coordinación das estratexias en Sergude (GDR/Agader/Universidades)
28/11/2022	Comité seguimento Convenio Asociación GDR – Universidades
02/12/2022	Xornada funcionamento Visor para recuperación terras agrarias
12/12/2022	Seminario Redes, Grupos e Retos para o novo LEADER (2023-2027)
12/12/2022	Contraste de documentación do GDR Pontevedra-Morrazo coa Universidade, relativa á análise da retrospectiva dos programas e proxectos pilotos (intercambio de correos electrónicos)
15/12/2022	Xornada de formación aldeas modelo e polígonos agroforestais -Monterei (online)
26/01/2023	Xornada "Desarrollo Rural y Leader 2023-2027" organizado por ARA (online)
06/03/2023	Xornada de formación para os grupos sobre a aplicación da PAC 2023-2027 en Galicia (Sergude).
04/04/2023	Contraste de documentación do GDR Pontevedra-Morrazo coa Universidade, relativa aos documentos correspondentes á elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo. Leader 2023-2027 (intercambio de correos electrónicos)
11/04/2023	Xornada de formación aldeas modelo e polígonos agroforestais - Paradela, Vences (online).
19/04/2023	Xornada de formación aldeas modelo e polígonos agroforestais - Cuadrelo, Carzoá, A Veiga (online)
22/04/2023	Enquisa sobre as xornadas de formación e sobre os grupos temáticos (online)
15/05/2023	Agader - Reunión de Coordinación entre a Agader e os GDRs, para coordinación de Estratexias en Saviñao
24/05/2023	Mesa de Coordinación Grupos Focais Estratéxicos GDR-Presentación grupos temáticos (online)
06/06/2023	Asemblea Xeral ordinaria da Asociación GDRs de Galicia en Lalín
06/06/2023	Mesa de Coordinación Grupos Focais Estratéxicos GDR (Sergude)
28/06/2023	Mesa de Coordinación Grupos Focais Estratéxicos GDR (online)

4. Realización de achegas por parte do Grupo Pontevedra-Morrazo, no marco desas reunións, especialmente sobre as seguintes propostas de actividades concretas:
    - Elaboración dunha guía ou modelo que detalle o contido das estratexias a elaborar polos GDRs, que sirva de estrutura básica e común para todas as estratexias.
    - Elaboración dun repositorio de documentos e datos estatísticos para poñer a disposición dos GDRs como apoio á elaboración das súas estratexias. Definir fontes de información que atendan á normativa e contido da PAC 2023-2027, estratexias e prioridades da Consellería do Medio Rural para este período etc.

- Elaboración de informes, seguimento e revisión sobre as entregas parciais que poidan realizar os GDRs, como apoio para a redacción das súas estratexias, para asegurar a adecuación dos traballos aos obxectivos da Consellería do Medio Rural.
- Apoio externo á Asociación de GDR e aos Grupos, naquelas actividades de formación ou información que sexan demandadas polos GDRs relativas á formulación das estratexias.
- Elaboración dun sistema web que facilite a captura e visualización de información xeorreferenciada para a elaboración das estratexias.
- Elaboración de informes técnicos externos, que permitan orientar e formular os proxectos tractores que deberán definir os GDR nas súas estratexias.
- Elaboración de informes de recomendacións, común e por cada GDR, que sirvan de base para orientar a formulación dos criterios de selección de operacións para o período LEADER 2023-2027.
- Elaboración da Estratexia global de desenvolvemento rural de Galicia 2023-2027, a partir dos documentos entregados polos GDR.

5. E para asegurar a execución das estratexia de xeito coordinado e garantir un efecto non contraditorio e complementario coas restantes estratexias do conxunto de GDR de Galicia poderían levarse a cabo as seguintes actividades:
   - Xuntanzas periódicas de coordinación e seguimento cos Grupos de Desenvolvemento Rural (Mesa de coordinación e seguimento) para establecer os criterios, pautas etc. para un posicionamento común en temas de especial incidencia e/ou unha mellor execución e xestión das estratexias
   - Realizar cursos de formación “ad hoc” especializados en diferentes materias relacionadas coa xestión dos GDR e o desenvolvemento rural.
   - Servizo de apoio de comunicación, visibilización e información aos GDR
   - Edición dun Boletín dixital e/ou material audiovisual dos proxectos e iniciativas desenvolvidas polos GDR no rural de Galicia
   - Crear un Foro de transferencia de coñecemento/experiencia a partires da xeración de contidos de boas prácticas a nivel autonómico, estatal e comunitario.

6. Ademais, o Grupo Pontevedra-Morrazo traballou de forma conxunta coa Asociación de GDR e o equipo de apoio técnico das Universidades, especialmente en certos apartados específicos da súa estratexia:
   - C. Análise da actuación retrospectiva do desenvolvemento local participativo no territorio de actuación: avaliación dos resultados obtidos nos programas anteriores.
   - E. Análise da situación actual de uso e xestión do territorio correspondente.
   - G. Propostas de proxectos piloto.

2.2. Grupos temáticos

De modo complementario, o GDR Pontevedra-Morrazo, en colaboración cos restantes GDR de Galicia a través da Asociación de GDR, está a participar na definición e posta en marcha de grupos de traballo, tanto grupos focais temáticos como por tipos de territorios. Estes grupos de traballo iniciarán a súa actividade durante a elaboración das EDLP, en particular na fase de definición dos obxectivos e liñas estratéxicas e de concreción do Plan de acción de cada GDR. Os grupos de traballo están concibidos para axudar a identificar ámbitos de colaboración e sinerxías a medio e longo prazo entre os diferentes territorios, así como posibilitar o intercambio de ideas no deseño das accións da EDLP. En concreto, a participación nos GT facilitaralle ao GDR Pontevedra-Morrazo, entre outros, os seguintes aspectos:

- Poñer en común a experiencia dos períodos anteriores, tratando de extraer leccións aprendidas para o período 2023-2027.
- Intercambiar ideas sobre os obxectivos para este novo período.
- Explorar as posibilidades de coordinar proxectos e actuacións e buscar unha mellor definición dos tipos de proxectos a apoiar.

Como primeiro paso, xa se ten realizado, por parte do conxunto dos GDR de Galicia a través da Asociación de GDR, un inventario inicial dos temas de maior interese para ser abordados en grupos focais temáticos, cuxos resultados se resumen a continuación:

Táboa 2. Grupo focais temáticos.

Temática	GDR interesado
A.-Telecomunicacións e innovación dixital	GDR Pontevedra-Morrazo
B.-Novos modelos enerxéticos e eficiencia	GDR Pontevedra-Morrazo
C.-Auga e cambio climático	GDR Pontevedra-Morrazo
D.-Recuperación de terras agrarias-novos empregos	GDR Pontevedra-Morrazo
E.-Ferramentas para a xestión do territorio	GDR Pontevedra-Morrazo
F.-Turismo en espazos rurais	GDR Pontevedra-Morrazo
G.-Innovación ambiental, infraestrutura verde e conectividade ecolóxica	GDR Pontevedra-Morrazo
H.-Novos modelos xestión do Monte, loita contra incendios e sostenibilidade	GDR Pontevedra-Morrazo
I.-Sector agrario e produtos alimentarios	GDR Pontevedra-Morrazo
J.-Dinamización e retos de xénero e coa xuventude	GDR Pontevedra-Morrazo
K.-Enoturismo	GDR Pontevedra-Morrazo

2.2.1. Grupos focais

No caso concreto do GDR Pontevedra-Morrazo, este ten interese en colaborar nos seguintes grupos focais temáticos:

1. Grupo focal temático A:

   O principal interese para participar neste grupo radica en abordar as potencialidades e a problemática da dixitalización e comercio electrónico nas empresas rurais.

2. Grupo focal temático B:

   O principal interese para participar neste grupo radica en abordar as a mellora da eficiencia enerxética e explorar as potencialidades das comunidades enerxéticas, etc.

3. Grupo focal temático C:

   O principal interese para participar neste grupo radica en afondar na descarbonización e cambio climático, e sensibilización ambiental / retos sectoriais

4. Grupo focal temático D:
   O principal interese para participar neste grupo radica en fomentar a aplicación das ferramentas de mobilización e recuperación das terras agrarias de Galicia
5. Grupo focal temático E:

   O principal interese para participar neste grupo radica en mellorar a ordenación e a base territorial das explotacións.

6. Grupo focal temático F:

   O principal interese para participar neste grupo radica en abordar o turismo verde de natureza ou ecoturismo.

7. Grupo focal temático G:

   O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en abordar a paisaxe como recurso para o desenvolvemento rural.

8. Grupo temático H:

   O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en abordar a descarbonización e o carbono como recurso forestal e outros. servizos ecosistémicos do monte

9. Grupo temático I:
   O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en abordar a agricultura ecolóxica e viticultura, a artesanía alimentaria e selos de garantía

10. Grupo temático J:

    O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en abordar a igualdade de oportunidades e loita contra a violencia de xénero
11. Grupo temático I:

    O principal interese para participar neste grupo de traballo radica en abordar a a creación de itinerários enoturísticos que poñan en valor as IXP, os viños e os seus territorios.

2.2.2. Grupos territoriais

En canto a grupos de traballo por tipos de territorios, o GDR Pontevedra-Morrazo identifica oportunidades de colaboración en particular cos seguintes territorios ou GDR:

1. Colaboración/cooperación no ámbito da viticultura

- Territorio(s): GDRs das IXP (GDR 15 Pontevedra – Morrazo; GDR 03 Montes e Vales Orientais; GDR 11 Comarca de Ourense; GDR14 Galicia Suroeste Eu Rural; GDR 17 Salnés, Ulla, Umia; GDR 18 Deloa; GDR 23 Mariñas-Betanzos)

2. Colaboración/cooperación no ámbito forestal

- Territorio(s): GDRs provincia de Pontevedra (GDR 15 Pontevedra – Morrazo; GDR 13 Condado-Paradanta; GDR14 Galicia Suroeste Eu Rural; GDR 16 Pontevedra Norte; GDR 17 Salnés, Ulla, Umia), GDR 10 Limia Arnoia e GDR 19 Terras de Compostela.

3. Colaboración/cooperación no ámbito do enoturismo

- Territorio(s): GDRs das IXP (GDR 15 Pontevedra – Morrazo; GDR 03 Montes e Vales Orientais; GDR 11 Comarca de Ourense; GDR14 Galicia Suroeste Eu Rural; GDR 17 Salnés, Ulla, Umia; GDR 18 Deloa; GDR 23 Mariñas-Betanzos)

2.2.3. Marco colaborativo entre GDR e Grupos de traballo

No ámbito da colaboración o GDR Pontevedra-Morrazo partirá da súa experiencia nas actividades ou proxectos de cooperación previos de "Dinamización e promoción das IXP de viños de Galicia".

A colaboración propiciarase a través do intercambio de documentos, complementado con reunións periódicas telemáticas (e eventualmente presenciais). Crearanse espazos dixitais compartidos que funcionen como repositorios, tanto de informes ou estudos de interese como de proxectos desenvolvidos polos GDR que podan ser de utilidade.

Os resultados máis relevantes, e que se consideren de interese, poderán ser integrados na estratexia, e posteriormente durante a execución da mesma, a través de diferentes vías:

- Elaboración de resumos executivos para discutir nos órganos de participación e decisión do GDR.
- Publicación na web do GDR de fichas divulgativas, en particular de proxectos de interese identificados, que poidan servir de inspiración.
- Outras actividades divulgativas.

Os Grupos de Traballo son unha iniciativa de colaboración entre Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de Galicia co espírito de coordinar as súas EDLP, que teñen como obxectivo abordar retos comúns e aproveitar oportunidades de desenvolvemento territorial nos territorios dos GDR participantes.

A través da cooperación e coordinación entre os GDR e outros axentes relevantes, os Grupos de Traballo buscan promover a reunión, formación, intercambio de coñecementos e a creación dunha rede de traballo en torno á temática elixida. O seu obxectivo principal é articular proxectos e accións que teñan un impacto positivo nos territorios rurais e traballar para a obtención de fondos que permitan o seu desenvolvemento.

GUIÓN GRUPO DE TRABALLO (GT) entre GDR de Galicia

O proceso de posta en marcha dos catro GT definidos previamente divídese en dúas fases. A primeira, consistente na definición do obxectivo deste GT, das súas temáticas, dos GDR que os forman e da metodoloxía a empregar para a súa posta en funcionamento, e que se dará por rematada coa entrega das EDLP a AGADER, cuxo prazo remata o 10 de xullo do 2023. A segunda fase, que consistirá na posta en marcha dos GT, se iniciará coa aprobación, se é o caso, das EDLP e se prolongará durante toda a implementación das estratexias.

- **PRIMEIRA FASE**

Esta fase comezou durante a elaboración das EDLP e dáse por rematada o 10 de xullo de 2023, data final para a entrega das EDLP. Os traballos desenvoltos durante esta fase levaron as seguintes premisas e conclusións:

1. Definición dos GT en base ás temáticas de interese para os GDR. Quedando constituídos como segue:
    a. Grupo traballo: Auga e Enerxía. Cambio climático e innovación ambiental
    b. Grupo Traballo: Recuperación de terras agrarias. Ferramentas para a xestión do territorio
    c. Grupo Traballo: Produtos agrolimentarios. Potenciación do sector agropecuario
    d. Grupo Traballo: Turismo en zonas rurais
    e. Grupo Traballo: Innovación

2. Incorporación dos GDR aos GT, segundo os seus interese e de xeito voluntario. Quedando como segue:

Ao non haber GDR voluntario para coordinar o Grupo de Traballo de Innovación queda sen constituír pendente de facelo a que xurda o interese por parte dalgún GDR en lideralo e coordinalo. En todo caso a innovación será un elemento transversal no traballo de todos os GT.

Grupo: Auga e Enerxía. Cambio climático e innovación ambiental	**Grupo:** Recuperación de terras agrarias. Ferramentas para a xestión do territorio
Grupos inscritos: GDR1 Terras de Miranda GDR2 Terra Chá GDR3 Montes e Vales Orientais ***GDR10 Limia Arnoia (coordinador)*** GDR13 Condado-Paradanta GDR15 Pontevedra-Morrazo GDR 16 Pontevedra Norte GDR20 Ulla Tambre Mandeo GDR24 Seitura 22	**Grupos inscritos:** GDR2 Terra Chá GDR3 Montes e Vales Orientais GDR4 Comarca de Lugo GDR 5 Miño Ulla GDR 7 Valdeorras GDR8 Sil-Bibei-Navea GDR9 Monteval GDR10 A Limia-Arnoia GDR12 Carballiño-O Ribeiro ***GDR13 Condado Paradanta (coordinador)*** GDR15 Pontevedra-Morrazo GDR16 Pontevedra Norte GDR17 SalnésUllaUmia GDR19 Terras de Compostela GDR21 Ordes Asdecomor

	GDR22 Costa da Morte GDR23 Mariñas Betanzos GDR24 Seitura 22
Grupo: Produtos agrolimentarios. Potenciación do sector agropecuario	**Grupo:** Turismo en zonas rurais
Grupos inscritos: GDR1 Terras de Miranda GDR3 Montes e Vales Orientais GDR 5 Miño Ulla GDR8 Sil-Bibei-Navea GDR9 Monteval GDR11 ADERCOU GDR13 Condado-Paradanta GDR15 Pontevedra Morrazo GDR 16 Pontevedra Norte GDR17 SalnésUllaUmia GDR19 Terras de Compostela GDR21 Ordes Asdecomor GDR22 Costa da Morte GDR23 Mariñas Betanzos ***GDR24 Seitura 22 (coordinador)***	**Grupos inscritos:** GDR1 Terras de Miranda **GDR3 Montes e Vales Orientais (coordinador)** GDR4 Comarca de Lugo GDR7 Valdeorras GDR9 Monteval GDR12 Carballiño-O Ribeiro GDR13 Condado-Paradanta GDR15 Pontevedra-Morrazo GDR16 Pontevedra Norte GDR17 SalnésUllaUmia GDR19 Terras de Compostela

3. Os GT enmárcanse dentro do epígrafe F do Anexo C como uns instrumentos para a coordinación das EDLP. Porén, acórdase por unanimidade, dos GDR que forman os GT, que deben ser unha oportunidade de cara a atender e tentar resolver problemas territoriais detectados máis alá das competencias do LEADER, axudando a consolidar aso GDR como axentes relevantes nos territorios.
4. A posta en marcha de proxectos cara á obtención de fondos para os territorios, máis alá do que nos posibilita o LEADER é un dos obxectivos principais destes Grupos de Traballo.
5. Reunirse, formarse, compartir e crear unha rede de traballo entre os GDR e con axentes das temáticas dos GT serán as principais liñas de traballo, co obxectivo de articular proxectos que teñan impacto nos territorios.
6. A composición dos GT é aberta, polo que ao longo das estratexias poderán incorporarse GDR interesados nas súas temáticas. Do mesmo xeito, preténdese que os GT sexan dinámicos e operativos. Para iso, redactarase un regulamento de funcionamento co obxecto de crear as condicións de traballo máis axeitadas e xerar produtividade. Tamén se regulará a posible baixa dos GDR que non participen activamente no GT.

- **SEGUNDA FASE:**

A partir da aprobacións das EDLP por parte da AGADER, baixo un regulamento de réxime interno por definir, traballarase baixo a metodoloxía que se indica a continuación, coas seguintes consideracións:

- A metodoloxía de traballo que pretendemos desenvolver é un proceso aberto e vivo. Polo tanto acordase que se ao longo da implementación das estratexias, no caso de detectarse a necesidade de crear outros GT, os GDR interesados organizaranse en función dos seus intereses comúns.
- Así mesmo, se dentro dun GT actual se detecta a necesidade de crear subgrupos en beneficio da súa eficacia u eficiencia poderase e deberase constituír tales subgrupos.

1. Elaborar e aprobar un regulamento de uso interno para garantir o correcto funcionamento dos GT e a obtención dos seus obxectivos.
2. En base ás matrices DAFO de cada GDR, elaborarase unha relación de necesidades e potencialidades, en cada temática do GT, para resolver as debilidades, ameazas e/ou potenciar as fortalezas e oportunidades dos seus territorios. A continuación haberá que acordar e reflectir cales desas necesidades son de interese común para os diferentes territorios e, sobre elas, marcar prioridades. O punto de partida para este traballo pode ser o que manifestaron os diferentes GDR na reunión que se celebrou en Lalín o 6 de xuño do 2023 e que se reflicten neste documento ao final do mesmo.
3. Segundo a priorización de necesidades e pontencialidades haberá que marcar obxectivos xerais e obxectivos específicos dos GT.
4. Definir plan de acción e as correspondente liñas estratéxicas e indicadores para o seu seguimento e avaliación
5. Tamén será de interese Identificar os axentes e entidades de interese para os diferentes GT que, de maneira puntual, poidan participar co obxecto de formar, consultar, ou establecer colaboracións.

RELACIÓN DE INTERESES MANIFETADOS POLOS GDR (Reunión celebrada o día 6 de Xuño de 2023, en Lalín).

- **GRUPO DE TRABALLO AUGA E ENERXÍA:**

No cadro seguinte recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman este GT e que está coordinado polo GDR 10 Limia Arnoia

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS	AXENTES DE INTERESE
GDR 1 Terras de Miranda	Xestión da auga e enerxía na agricultura	Confederación hidrográfica.
GDR 2 Terra Cha	Xestión da auga e enerxía na agricultura. Comunidades enerxéticas locais.	Confederación hidrográfica. Axencia Europea do Medio Ambiente.
GDR3 Montes e Vales Orientais	Comunidades Enerxéticas Xestión de auga potable en rutas e camiños	FEGAMP Augas de Galicia
GDR 10 Limia Arnoia	Xestión da auga e enerxía na agricultura. Xestión da auga en núcleos urbanos. Sensibilización e manexo da auga como limitante para o desenvolvemento.	GDR. Empresas Galegas de xestion da auga (Viaqua, Espina e Delfin, Hidrantia,...)

GDR13 Condado Paradata	Optimización do recurso para uso humano e de regadío Comunidades Enerxéticas	Confederación hidrográfica.
GDR 15 Pontevedra-Morrazo	Descarbonización e cambio climático, servizos ecosistémicos do monte, comunidades enerxéticas e sensibilización ambiental / retos sectoriais	
GDR 16 Pontevedra Norte	Comunidade enerxéticas. Enerxías renovables.	DX Patrimonio Natural. SIAM.
GDR 20 – Ulla Tambre Mandeo	Comunidade enerxéticas. Boas practicas. Economía Circular. Auga e contaminación.	DX de Gandeiría. SINAC.
GDR 24 - Seitura	Comunidade enerxéticas. Mobilidade Rede traídas veciñais.	DX Desenvolvemento Rural

- **GRUPO DE TRABALLO RECUPERACIÓN DE TERRAS AGRARIAS. FERRAMENTAS PARA A XESTIÓN DO TERRITORIO:**

No cadro seguinte recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman este GT e que está coordinado polo GDR 13 Condado Paradanta.

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS
GDR 2 Terra Cha	Posta en marcha de instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria galega (LRTAG). Concretamente polígonos e permutas.
GDR 3 Montes e Vales Orientais	Aplicación dos instrumentos da LRTAG a través do GDR.
GDR 4 Comarca de Lugo	As permutas como vía de recuperación da terra agraria.
GDR 5 Miño - Ulla	Posta en marcha de instrumentos da LRTAG co obxecto de aumentar a base territorial das explotación de vacún e de viñedo.
GDR 7 Valdeorras	LRTAG orientada á loitar contra o abandono das terras, base territorial para as explotacións, prevención dos incendios, recuperación demográfica e mellora da calidade de vida da poboación no rural.
GDR8 Sil-Bibei- Navea	Posta en marcha de instrumentos de recuperación de terra agraria
GDR 9 Monteval	Os instrumentos da LRTAG como ferramentas para a loita contra os incendios forestais. Asesoramento iniciativas privadas que poden xurdir no territorio Impulso aos polígonos agroforestais privados. Difusión e divulgación da lei entre a poboación local.

GDR 10 Limia Arnoia	Proxecto A TERRA. Intentando crear metodoloxía de traballo para a aplicación da LRTAG.
GDR12 Carballiño-O Ribeiro	Novas producións coas posibilidades que dá a LRTAG. Así como estudo de loita contra as pragas e enfermidades na vide.
GDR13 Condado-Paradanta	A LRTAG debe ser unha oportunidade para xerar novas actividades produtivas no sector primario e artellar fórmulas de convivencia entre estas e os residentes dos territorio favorecendo a transición ecolóxica dos territorios.
GDR15 Pontevedra-Morrazo	Aplicación dos instrumentos da LRTAG, facendo fincapé, na formación e asesoramento para promover os instrumentos de mobilización e recuperación, de iniciativa privada.
GDR 16 Pontevedra Norte	Desenvolver Banco de Explotacións.
GDR 17 Salnés Ulla Umia	
GDR 19 Terras de Compostela	Formarse para interpretar a LRTAG e asesorar a iniciativas públicas e privadas.
GDR 21 - Asedecomor	As permutas e os polígonos agroforestais como vía de recuperación da terra agraria, fundamentalmente no sector forestal. Reorientar a produción gandeira e recuperación da produción de variedades tradicionais.
GDR 22 Costa da Morte	Accións formativas relacionadas coa interpretación da LRTAG. Posta en marcha de polígonos agroforestais e realización de permutas para dotar de base territorial ás empresas do sector. Recuperación de variedades tradicionais e introdución de novas variedades de produtos agrogandeiros e forestais.
GDR 23 Mariñas Betanzos	
GDR 24 - Seitura	Aplicación dos instrumentos da LRTAG.

- **GRUPO DE TRABALLO PRODUTOS AGROLIMENTARIOS. POTENCIACIÓN DO SECTOR AGROPECUARIO:**

A continuación recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman este GT e que está coordinado polo GDR 24 Seitura 22:

GRUPO	**TEMÁTICAS PRIORITARIAS**
GDR 1 Terras de Miranda	Estratexia da Granxa a Mesa. Sist. Alimentarios Sostibles. Ecocomedores. Transformación e comercialización de produtos agroalimentarios
GDR 3 Montes e Vales Orientais	Estratexia da Granxa a Mesa. Sist. Alimentarios Sostibles.
GDR 5 Miño - Ulla	Transformación e comercialización alimentaria.

	Agricultura ecolóxica
GDR 8 Sil – Bibei – Navea	Proxecto Silbina Transformación alimentaria
GDR 9 - Monteval	Estratexia da Granxa a Mesa Sistemas Alimentarios Sostibles Ecocomedores
GDR 11 Comarca de Ourense	Estratexia da Granxa a Mesa. Qm 0. Comedores Escolares.
GDR 13 Condado - Paradanta	Estratexia da Granxa a Mesa Produción, transformación e comercialización de produtos agroalimentarios Ecocomedores
GDR15 Pontevedra-Morrazo	Estratexia da Granxa a Mesa. Produción e transformación ecolóxica. Consumo de proximidade. Comercialización conxunta. Promoción e valorización das IXP, DO, AA.
GDR 16 Pontevedra Norte	
GDR 17 Salnés Ulla Umia	
GDR 19 Terras de Compostela	Consumo Qm 0. Relacións produtores-hosteleiros. Mercados locais
GDR 21 – Comarca de Ordes	Km 0. Mercados locais. Comedores comunitarios. Aproveitamento segundas calidades.
GDR 22 – Costa da Morte	Valorización da produción de destrío para o seu aproveitamento. Consumo de proximidade e comedores comunitarios (Ecocomedores). Recuperación de variedades autóctonas e introdución de novas variedades de produtos agrogandeiros. Transformación da produción convencional en ecolóxica
GDR 23 Mariñas Betanzos	
GDR 24 - Seitura	Estratexia da Granxa a Mesa. Ecocomedores.

- **GRUPO DE TURISMO EN ZONAS RURAIS:**

No cadro seguinte recóllense as temáticas prioritarias para os GDR que conforman este GT e que está coordinado polo GDR 03 Montes e Vales Orientais

GRUPO	TEMÁTICAS PRIORITARIAS
GDR1 Terras de Miranda	Integrar as novas tecnoloxías como eixo transversal. Turismo sostible e ecoturismo Vinculación dos recursos turísticos mar e interior Paquetización da oferta do territorio
GDR3 Montes e Vales Orientais	Ecoturismo e turismo activo de natureza. Traballar a sostibilidade turística dende o enfoque social, económico e ambiental.
GDR4 Comarca de Lugo	Sostibilidade turística e intercambio de experiencias.
GDR7 Valdeorras	Turismo sostible, enoturismo e propostas de turismo industrial
GDR9 Monteval	Iniciativas ligadas ao Enoturismo e Turismo arqueolóxico e de natureza Como axudar ao sector na creación de destino turístico e imaxe de marca vencellada aos valores territoriais? Impulso ao emprendemento neste sector
GDR12 Carballiño-O Ribeiro	Mobilidade para o sector turístico. Empresas de servizos complementarios.
GDR13 Condado-Paradanta	Potenciar o agroturismo e o turismo intelixente.
GDR15 Pontevedra-Morrazo	Enfoque transversal da sostibilidade. Turismo verde e enoturismo.
GDR16 Pontevedra Norte	Paquetizar oferta conxunta de varios territorios.
GDR17 Salnés Ulla Umia	
GDR19 Terras de Compostela	Crear experiencias de interese para Touroperadores; estudiar interese dos operadores antes de facer paquetes Enogastronomia.

3. Mecanismos e procedementos que se van implantar ao longo do período 2023-27 para asegurar a execución da estratexia de xeito coordinado co resto de GDR de Galicia

3.1. Mecanismos de coordinación

O GDR Pontevedra-Morrazo prevé impulsar e participar nos mecanismos e procedementos que se indican a continuación, para facilitar a execución da súa estratexia de xeito sinérxico e colaborativo cos restantes GDR de Galicia.

3.1.1. Taller de lanzamento: visión xeral das EDLP dos GDR galegos

Logo da aprobación das estratexias de desenvolvemento local, o GDR Pontevedra-Morrazo contribuirá á organización, coordinada pola Asociación de GDR de Galicia, dun taller de lanzamento do novo período LEADER, no que cada Grupo exporá os principais elementos da súa EDLP, en particular do seu Plan de acción. Este taller permitirá coñecer con maior detalle as estratexias dos diferentes GDR de Galicia, co fin de afinar as accións de coordinación no novo período. En particular, axudará a identificar os grupos de traballo xa formados (ver o punto F.1.2) que é interesante que continúen funcionando e, no seu caso, outros novos a constituír.

Ese taller de lanzamento poderá ir seguido de talleres de seguimento durante o período 2023-2027, nos que os GDR de Galicia podan presentar e debater as actividades realizadas, resultados, atrancos e retos no proceso de execución das súas estratexias, como mecanismo de intercambio de información e coordinación.

3.1.2. Grupos de traballo

Unha vez aprobada a estratexia do GDR Pontevedra-Morrazo, este contribuirá ao mantemento daqueles grupos de traballo (dos constituídos na fase de elaboración das estratexias) que considere de interese e/ou á creación doutros novos. Para concretar os obxectivos e actividades destes grupos de traballo tomarase, en principio, como referencia o modelo exposto anteriormente para o período de elaboración das estratexias.

Na medida das súas posibilidades, en función dos medios humanos e materiais cos que conte, propoñemos que a Asociación de GDR de Galicia supervise e preste apoio ao funcionamento dos grupos de traballo. Ademais, en función das necesidades detectadas, ás reunións destes grupos poderán ser convidados expertos ou outros actores externos con capacidade para aportar información de interese para os GDR.

3.1.3. Base de datos de proxectos

O GDR Pontevedra-Morrazo colaborará na creación e actualización dunha base de datos conxunta dos proxectos e actividades financiadas no marco das EDLP en Galicia. Base de datos que, no seu caso, incluirá tamén outras actividades promovidas polos GDR que se consideren interesantes para o coñecemento dos outros Grupos.

A estrutura, contido, soporte tecnolóxico e ubicación desta base de datos, así como o procedemento para asegurar a súa actualización permanente, serán concretados por unha comisión ad hoc integrada pola Asociación de GDR de Galicia e AGADER.

3.1.4. Impulso de proxectos de cooperación

A partir do intercambio de información nos grupos de traballo nos que participe, o GDR Pontevedra-Morrazo márcase o obxectivo de identificar proxectos de cooperación no marco LEADER a promover con outros territorios, e tamén explorar as oportunidades existentes noutros programas e convocatorias de financiación para proxectos que vaian máis alá do ámbito territorial deste GDR.

4. Mecanismos e procedementos para asegurar a execución da estratexia no marco da PAC

4.1. Metodoloxía de traballo

De entrada, entendemos que a definición dos mecanismos e procedementos para asegurar que a execución das estratexias dos GDR está aliñada coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia dependerá en boa medida das normas e actuacións que con ese fin adopte AGADER, en coordinación, no seu caso, cos órganos xestores das diferentes políticas sectoriais e intervencións.

Como punto de partida para contribuír a ese aliñamento, o GDR Pontevedra-Morrazo recolle no apartado D unha análise da relevancia e a posible incidencia na súa estratexia dos principais elementos do marco normativo e institucional, prestando especial atención ás medidas de desenvolvemento rural programadas en Galicia dentro do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 (PE PAC), así como aos plans sectoriais e iniciativas da Xunta de Galicia relacionados co medio rural.

Tendo iso como base, o GDR Pontevedra-Morrazo propón os mecanismos e procedementos que se indican a continuación para asegurar o aliñamento da execución da súa estratexia (e das estratexias dos GDR galegos) coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia no marco da PAC, así como cos plans sectoriais e iniciativas prioritarias da Administración autonómica para o medio rural.

4.1.1. Identificación dos ámbitos prioritarios para o aliñamento e establecemento de directrices

A partir da análise das estratexias dos 24 GDR de Galicia finalmente aprobadas, en particular do seu apartado D, AGADER e os GDR identificarán conxuntamente os ámbitos temáticos e os tipos de proxectos ou actuacións nos que é máis necesario un aliñamento coas outras medidas de desenvolvemento rural e cos plans e iniciativas prioritarias da Xunta de Galicia para o medio rural. Sobre esa base, poderá elaborarse un documento (Guía para a execución das estratexias LEADER) no que se establezan normas e directrices para promover que a execución das estratexias dos GDR estea aliñada coas outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia. O contido desta Guía poderá actualizarse a medida que avance a execución das estratexias, en base á experiencia acumulada, tendo en conta para isto as reunións de seguimento indicadas no punto F.3.3.

O GDR Pontevedra-Morrazo avaliará a forma de incorporar as normas e directrices desa Guía xeral na aplicación da súa estratexia, tanto na información subministrada aos axentes do territorio como na valoración e selección dos proxectos presentados ao Grupo.

4.1.2. Xornadas informativas e formativas para o persoal técnico dos GDR

Ademais da elaboración da citada Guía, o GDR Pontevedra-Morrazo considera oportuno que, ao inicio do período, se organice un programa de formación e información dirixido ao persoal técnico dos GDR sobre os ámbitos e tipos de proxectos identificados como críticos para o seu aliñamento coas outras medidas de desenvolvemento rural. Este programa pode ser organizado por AGADER en colaboración coa Asociación de GDR de Galicia, contando tamén coa participación dos órganos xestores das diferentes políticas sectoriais e medidas relevantes dentro da Xunta de Galicia.

Partindo diso, o GDR Pontevedra-Morrazo levará a cabo actividades de información e divulgación aos axentes do territorio, sobre o tipo de proxectos financiables polo Grupo e a súa delimitación, complementariedade e sinerxías potenciais con outras medidas de desenvolvemento rural xestionadas pola Xunta de Galicia.

4.1.3. Reunións de seguimento

Como complemento do anterior, o GDR Pontevedra-Morrazo propón a organización periódica de reunións entre AGADER e os GDR, coa participación tamén dos órganos xestores das medidas de desenvolvemento rural e políticas sectoriais relevantes, para avaliar o aliñamento da execución das estratexias LEADER con esas medidas e políticas sectoriais, resolver as dúbidas ou cuestións que vaian xurdindo e debater posibles adaptacións na execución desas estratexias e/ou nas políticas sectoriais e outras medidas de desenvolvemento rural.

4.1.4. Gobernanza

Para impulsar e pilotar as accións mencionadas nos puntos anteriores o GDR Pontevedra-Morrazo considera que sería oportuno constituír un "Comité de Coordinación e Seguimento das Estratexias LEADER". O seu cometido sería promover o aliñamento das estratexias dos GDR con outras medidas de desenvolvemento rural e políticas sectoriais relevantes, a través das actuacións citadas anteriormente e outras que se acorden.

O Comité estaría integrado por AGADER, unha representación dos GDR e responsables doutros servizos da Xunta de Galicia que xestionan medidas de desenvolvemento rural ou outras políticas sectoriais relevantes para as estratexias dos GDR.

5. Anexo: Resumo de actividades e comunicacións

5.1. Resumo de actividades

Recollemos neste apartado un resumo das actividades desenvoltas relacionadas coa cooperación.

1. **Reunións cos Técnicos Locais de Emprego:**
   - Reunións TLE (2022): Día 15/06, Día 20/10, Día 13/12
   - Reunións TLE (2023): Día 24/05, Día 04/07

2. **Reunións con entidades e colectivos territoriais:**
   - Día 04/08/2022: Asociación de Veciños Fenteira
   - Día 04/08/2022: CCOO Ferroviario
   - Día 05/08/2022: Fundación LEGAR
   - Día 15/11/2022: Cluster do ECOMMERCE Galego

3. **Reunións de Coordinación:**
   - 18/03/2022: Reunión GDRs con Agader para a presentación do Programa Aldeas Intelixentes de Galicia
   - 08/06/2022: Agader - V Mesa de Coordinación de GDRs de Galicia (Sergude). Reunión Comité Seguimento Agader cos GDRs
   - 13/06/2022: Reunión 30 Aniversario Avaliación LEADER (Concello de Cenlle)
   - 20/06/2022: Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación GDRs de Galicia (Sergude), debatindo e acordando posibles accións de coordinación das Estratexias
   - 11/08/2022: Asemblea da Asociación GDRs de Galicia (videoconferencia), para aprobación do Convenio coas Universidades para a Coordinación de Estratexias 2023-2027
   - 29/09/2022: Agader - Reunión de Coordinación entre a Agader e os GDRs, para coordinación de Estratexias
   - 25/10/2022: Comité de Seguimento do Convenio Asociación GDR – Universidades
   - 07/11/2022: Comité de Seguimento do Convenio Asociación GDR – Universidades. Reunión de Coordinación coas Universidades e Acceso á carpeta compartida "Coordinación Estratexias 2023-2027"
   - 10/11/2022: Asemblea Xeral Extraordinaria da Asociación GDRs de Galicia (videoconferencia), para a coordinación de Estratexias
   - 15/11/2022: Participación no cuestionario online para os GDR sobre o interese na creación de Grupos Temáticos e definición de temas (observacións desde os GDR sobre a plantilla elaborada e demandas de elementos de interese a incorporar)
   - 17/11/2022: Reunión de Coordinación das estratexias GDR-Agader-Universidades (Sergude)
   - 28/11/2022: Comité de Seguimento do Convenio Asociación GDR – Universidades

- 02/12/2022: Xornada funcionamento Visor para recuperación terras agrarias (videoconferencia visor SIXPAC)
- 12/12/2022: Seminario sobre Redes , Grupos e Retos para o novo LEADER 2023-2027 (Santiago de Compostela)
- 12/12/2022: Contraste de documentación do GDR Pontevedra-Morrazo coa Universidade, relativa á análise da retrospectiva dos programas e proxectos pilotos (intercambio de correos electrónicos)
- 15/12/2022: Xornada de formación aldeas modelo e polígonos agroforestais - Monterei (online)
- 26/01/2023: Xornada "Desarrollo Rural y Leader 2023-2027" organizado por ARA (online)
- 06/03/2023: Xornada de formación para os grupos sobre a aplicación da PAC 2023-2027 en Galicia (Sergude).
- 04/04/2023: Contraste de documentación do GDR Pontevedra-Morrazo coa Universidade, relativa aos documentos correspondentes á elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo. Leader 2023-2027 (intercambio de correos electrónicos)
- 11/04/2023: Xornada de formación aldeas modelo e polígonos agroforestais - Paradela, Vences (online).
- 19/04/2023: Xornada de formación aldeas modelo e polígonos agroforestais - Cuadrelo, Carzoá, A Veiga (online)
- 22/04/2023: Enquisa sobre as xornadas de formación e sobre os grupos temáticos (online)
- 15/05/2023: Agader - Reunión de Coordinación entre a Agader e os GDRs, para coordinación de Estratexias en Saviñao
- 24/05/2023: Mesa de Coordinación Grupos Focais Estratéxicos GDR-Presentación grupos temáticos (online)
- 06/06/2023: Asemblea Xeral ordinaria da Asociación GDRs de Galicia en Lalín
- 06/06/2023: Mesa de Coordinación Grupos Focais Estratéxicos GDR (Sergude)
- 28/06/2023: Mesa de Coordinación Grupos Focais Estratéxicos GDR (online)

4. Xuntas Directivas do GDR

- Xunta Directiva (2022): Día 10/03, Día 22/06, Día 26/09, Día 07/12, Día 16/12
- Xunta Directiva (2023): Día 12/05, Día 05/06

5. Asembleas do GDR

- Asemblea (2022): Día 26/09, Día 16/12
- Asemblea (2023): Día 05/07

5.2. Comunicacións

AGADER: Bases de selección de GDRs e convocatoria para a V Mesa de Coordinación dos GDR de Galicia

Boa tarde, como xa supoño que sabedes todos, hoxe (por fin), 2 de xuño de 2022, publicáronse as bases reguladoras que iniciarán o proceso para a selección de GDR para o LEADER de Galicia correspondente ao período 2023-27 (nunha primeira fase seleccionaranse as entidades candidatas á adquirir a condición de GDR e posteriormente, xa en 2023, se seleccionarán os GDRs de xeito definitivo para o período de programación 2023-27).

A este respecto, cómpre sinalar que na **V Mesa de Coordinación de GDRs de Galicia** que terá lugar o vindeiro mércores **8 de xuño de 2022 (ás 16:00 horas en Sergude**) se abordarán as posibles dúbidas ou cuestións relacionadas con este asunto. Xunto remito a convocatoria correspondente coa orde do día.

José Sanlés López

Xefe de Área de Seguimiento e Control de Programas

Comunicación. Subdirección de Relacións cos GDR

Convocatoria Asemblea Xeral Ordinaria Asociación GDR Galicia

Estimados asociados,

Xuntase Convocatoria e documentación para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2022 da Asociación de GDR de Galicia, a celebrar o **vindeiro luns, 20 de xuño,** ás 12:00 horas, **no Pazo de Quián, Sergude-Boqueixón**.

Agradando contar coa vosa asistencia, reciba un saúdo,

O Presidente

ASOCIACIÓN GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

Coordinación na elaboración de Estratexias 2023-2027

Estimados asociados,

A pasada semana tivemos reunión con Agader para tratar as actuacións de coordinación GDR - Universidades - Agader, de cara ao apoio aos Grupos na elaboración das Estratexias. Xuntamos borrador de Convenio.

Ainda que este mes é complicado, quero convocarvos a unha **ASEMBLEA** para a vindeira semana, o **xoves día 11 de agosto, ás 11:00 horas, MEDIANTE VÍDEOCONFERENCIA,** co único punto da **Orde do día de "*Acordo de Convenio a asinar coas Universidades para a Coordinación de Estratexias 2023-2027*",** e que puidesemos avanzar neste senso, para que as universidades puidesen iniciar os trámites de sinatura e poñerse a traballar, xa en Setembro a pleno rendemento.

Respecto a ter unha asistencia externa que apoiase nas actividades de apoio á Estratexia imos a solicitar orzamento para que apoie nestas tarefas, incorporando ás actividades para 2022 acordadas na Asemblea Xeral, tratando de encaixalo todo no contrato menor.

Finalmente, desde os GDR me tedes trasladado fai unhas semanas a posibilidade de que o Programa de "Polos de Emprendemento", que está desenvolvendo a Consellería de Promoción do Emprego e Iguladade, se puidera xestionar con participación dos GDR, asunto este que teño trasladado á Conselleira e que quedamos en falar no mes de setembro.

Saúdo
Asdo.: José A. Santiso

Presidente

ASOCIACIÓN GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

AGADER: Notificación das resolucións de selección de organizacións candidatas a ser recoñecidas entidades colaboradoras LEADER Galicia 2023-27. Próxima reunión de coordinación LEADER (29/09/2022)

Con respecto ao segundo punto do correo electrónico, cómpre sinalar que está prevista para o vindeiro xoves, 29 de setembro de 2022 (pola tarde) unha nova xuntanza de coordinación entre a Agader e os GDRs. Tanto a orde do día como o lugar da xuntanza están pendentes de pecharse. Previsiblemente na citada xuntanza se tratarán, entre outras, cuestións referidas a :

-Solicitudes de prórrogas para a execución e xustificación dos gastos (submedida 19.2) correspondentes á anualidade 2022 (15 de outubro de 2022).

- Resolucións e pagamentos pendentes (fiscalización) de gastos correntes e de animación dos GDRs (submedida 19.4)

- Pagos pendentes de cooperación LEADER (convocatoria 2018-19).

- Data límite para a remisión de ICES e conseguinte emisión de resolucións de proxectos de animación (19.4B), así como prazo máximo de execución destes proxectos.

- Convocatoria de cooperación leader (19.30) para as anualidades 2022-23 (pendente de resolución).

- Convocatoria de selección de GDRs para o período 2023-27 (submedida 19.10): procedemento e previsións.

- Ampliación da senda financeira dos convenios de colaboración entre os GDR e Agader por un ano mais (2023): importes dispoñibles.

- Futura convocatoria de proxectos LEADER 2023-24.

Un saúdo

O xefe de Área de Seguimento e Control de Programas

Comunicación. Subdirección de Relacións cos GDR

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL

Novidades 20/10/2022 Asociación GDR

Estimados asociados,

Temos escrito ás univesidades informando que desde a **Asociación estamos dacordo co texto do Convenio** para proceder a asinalo.

Por outra banda, o martes da vindeira semana (25/10/2022) se reunirá por primeira vez o **Comité de Seguimento do Convenio** para ver a situación actual do que se ven avanzando, fixar prazos de entregas, e demáis dúbidas que haxa. Se queredes que se trate algo específicamente, podedes enviar correo. Os GDR que se ofreceron voluntarios para este Comité de Seguimento son: A Limia; Condado-Paradanta, Miño-Ulla e Seitura.

Nestos días agárdase iniciar a contratación da **asistencia técnica que levará o Apoio na Xestión**, iniciando as súas tarefas, entre as que estaría a organización dun Seminario de Redes de D.R. XÚNTASE BORRADOR DE PROGRAMA, por si tedes algunha suxerencia. Así mesmo, se algún GDR quere ofrecerse como anfitrión, pode trasladalo.

Seguiremos informando.

Asdo.: José A. Santiso

Presidente

ASOCIACIÓN GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

ACCESO CARPETA COMPARTIDA "COORDINACIÓN ESTRATEXIAS 2023-2027"

Estimados asociados,

Hoxe tivo lugar a **segunda reunión de Coordinación coas Universidades** (07/11/2022) e quedou recollida toda a información nunha carpeta de acceso "compartido" con todos os GDR. Vos chegará un correo autorizando o acceso a esta carpeta (https://drive.google.com/drive/folders/10Goqh_2ovW_Ib460O9Qj5umZyu-6RS7n?usp=sharing)

A idea era que puidésemos revisala durante esta semana desde os equipos técnicos, e na vindeira semana, o xoves día 17, ás 10:00 horas en Sergude, estarían os equipos das Universidades, e nos presentarían estos traballos e aclararíanse dúbidas, propostas de mellora, etc.

Gracias e vémonos este xoves na vídeoconferencia da Asemblea.

Asdo.: José A. Santiso

Presidente

ASOCIACIÓN GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

Convocatoria Asemblea Xeral Extraordinaria, xoves, 10 novembro ás 10 horas

Estimados asociados,

Xúntase convocatoria de Asemblea Xeral extraordinaria online, para o xoves, 10 novembro ás 10 horas mediante **Vídeoconferencia.**

A vindeira semana enviaráse enlace e documentacion complementaria

Saúdos
Asdo.: José A. Santiso

Presidente

ASOCIACIÓN GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

REUNIÓN COORDINACIÓN DE ESTRATEXIAS (xoves, 17 novembro, Sergude)

Estimados equipos técnicos,

Confirmaros que este **Xoves, día 17 ás 10:30** horas, haberá unha reunión de coordinación no Pazo de Quián, Sergude (Boqueixón) entre os equipos técnicos Leader e as universidades.

LOCALIZACIÓN: https://www.google.com/maps/place/Pazo+De+Quian/@42.8211914,-8.4598137,119m/data=!3m1!1e3!4m5!3m4!1s0x0:0xecd9ad1255b50d63!8m2!3d42.8210974!4d-8.4601166!5m1!1e4

A Orde do día será a seguinte:

1.- Presentación das tarefas dentro do Convenio e desenvolvemento temporal (Universidades)

2.- Observacións desde os GDR sobre a plantilla elaborada e demandas de elementos de interese a incorporar (GDRs)

3.- Identificar desde os GDR propostas de traballo temáticas para reunións específicas para os vindeiros meses

AGRADECERÍAMOS PUIDÉRADES CUBRIR O SEGUINTE FORMULARIO para recoller información de cara á reunión do xoves:

https://docs.google.com/forms/d/1JMfLgf6KIAZyUhGLFh8wmGpmWi2-RHDgPXnpaKmIOqw/edit

Gracias
Asdo.: José A. Santiso

Presidente

ASOCIACIÓN GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

RESULTADOS DA REUNIÓN DO COMITÉ DE SEGUIMENTO COAS UNIVERSIDADES (28 novembro 2022)

Estimados asociados,

Tras a reunión de Coordinación de Estratexias 23-27, coa presentación en Sergude do día 17 cos representantes das universidades, tivemos unha reunión do Comité de Seguimento do Convenio para trasladar conclusións e planificar tarefas antes da entrega de finais de mes de decembro.

Xuntamos os acordos, desta reunión mantida hoxe día 28 de novembro:

1.- Desde as Universidades desenvolverán con maior detalle o **APARTADO F DA PLANTILLA** (Coordinacion de Estratexias), co obxectivo de deixar un documento quasi-final detallando e suficiente para incorporar ás 24 estratexias, con leves adaptacións que faría cada GDR.

Identificaremos entre os GDR as actividades que se levaron a cabo (Asemblea online, reunión con Agader nas Mesas de Seguimento Leader, resultados da ficha que se fixo co Google forms, correos cos GDR enviados desde a Asociación, Xornada día 12 decembro, etc...). ESTO TERÍAMOS QUE ELABORALO ENTRE TODOS OS GDR

Estímase que este apartado podería estar listo desde as Univs o día 12 de decembro

2.- Respecto ao **APARTADO D. ANÁLISE DO NOVO MARCO NORMATIVO E INSTITUCIONAL** e impacto previsible na futura estratexia; concretarán como se presentaría a documentación nas Estratexias, identificando os aspectos clave nunha táboa excell, que sexa de utilización directa polos Grupos. SERÍAN VARIAS TÁBOAS COS ELEMENTOS CLAVE DA NORMATIVAS NOS DISTINTOS ÁMBITOS

Estímase previsión de entrega aos GDR para o luns día 5 de decembro

3.- Os GDR interesados, e de xeito voluntario, tería a posibilidade de que as **FICHAS DE PROXECTOS PILOTO** que poidan ir elaborando, as poidan enviar para revisión desde a Universidade. Este fluxo de información sería bi-direccional entre o Grupo e o profesor-investigador responsable. **Correo electrónico de envío: patricio@uvigo.es**

A revisión dependerá do prazo de recepción, polo se deberían enviar antes do día 13 de decembro como moi tarde para que dera tempo a revisalos, e canto antes poida ser mellor (o GDR que non o envíe, podería facelo máis adiante, despois do prazo de entrega)

Se entende que os proxectos poderán ser de carácter productivo ou non-productivo, en senso amplo. Poderían identificarse proxectos innovadores semellantes que estiveran xa funcionando a modo de guía.

4.- Os GDR que quixeran facelo de xeito voluntario, poderían enviar o apartado **C.6 BALANCE CUALITATIVO SOBRE A EXECUCIÓN, RESULTADOS E IMPACTO DO PROGRAMA LEADER NO TERRITORIO;** para que o revisen e recibir feedback desde as Universidades. Correo electrónico de envío: patricio@uvigo.es (antes do día 13 de decembro).

5.- ORGANIZARÁSE UNHA vídeoconferencia ESTE VENRES DÍA 2 DE DECEMBRO de 12 a 14 horas, para explicar en detalle o visor, datos, etc., aberto aos 24 equipos técnicos e que será grabada, para as persoas que non poidan asistir.

Asdo.: José A. Santiso

Presidente

ASOCIACIÓN GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

SECRETARÍA DE APOIO ASOCIACIÓN E SEMINARIO REDES

Estimados socios,

Queríamos comunicarvos que xa está contratada a Secretaría da Asociación. Xúntase Carta de presentación cos seus contactos, para que poidade dirixirvos directamente a eles, así como borrador de programación de comunicación, aberto a suxerencias.

Entre as actividades que van a realizar, sería a organización do **Seminario sobre Redes de Grupos, previsto para o dia 12 de decembro,** co borrador provisional do programa que se xunta.

Sabemos que a data non é moi boa, polo que se ten programado un luns para non comprometer a metade de semana. Por favor, reservada esa data.

saúdos

Asdo.: José A. Santiso

Presidente

ASOCIACIÓN GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

XORNADA "DESARROLLO RURAL Y LEADER 2023-2027" ORGANIZADO POR ARA

De: AGDR.Secretaria <agdr.secretaria@agv.gal>
Enviado el: martes, 24 de enero de 2023 14:09
Asunto: Xornada Online xoves 26 "Desarrollo Rural y Leader 2023-2027" organizado por ARA

Bos días,

Adxuntamos a información da xornada online que a asociación ARA organiza este **xoves 26 de xaneiro de 09.30 a 11.00 horas**, por se é do voso interese, xa que estarán Isabel Bombal Díaz, directora xeneral de Desarrollo Rural, Innovación y Formación Agroalimentaria do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación e Jean Louis Everaerts, xerente de Programas de la DG de Agricultura y Desarrollo Rural da Comisión Europea, que falarán das novas estratexias do Plan Leader 2023-2027.

As persoas que estedes interesadas podedes inscribirvos no seguinte enlace:

https://us02web.zoom.us/webinar/register/WN_G5N3uotKRZGN7dWzIrvORA

Adxuntamos o programa da xornada.

Un cordial saúdo.

asociación de GDR de Galicia

SECRETARÍA DA ASOCIACIÓN DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

XORNADA FORMATIVA PARA OS GRUPOS SOBRE A PAC

De: Raquel Fernandez Moreno <raquel@agv.gal>

Data: 03/03/23 10:14 (GMT+01:00)

Asunto: Xornada formativa sobre a PAC

Bo día a tod@s,

Recordamos que o **luns 6 de marzo**, terá lugar unha xornada formativa para os grupos sobre a PAC impartida por Edelmiro López e Francisco Ónega.

Se algún de vos non pode asistir de forma presencial, haberá a posibilidade de conectarse vía zoom.

https://us06web.zoom.us/j/88954299997

Moitas grazas.

asociación de GDR de Galicia

SECRETARÍA DA ASOCIACIÓN DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

CONTRASTE DE DOCUMENTACIÓN DO GDR PONTEVEDRA-MORRAZO COA UNIVERSIDADE

De: Patricio Sánchez <patricio@uvigo.es>
Enviado el: martes, 4 de abril de 2023 11:29
Para: tecnico@gdrpontevedramorrazo.eu
Asunto: Re: tecnico@gdrpontevedramorrazo.eu te ha enviado GDR Pontevedra-Morrazo: EDLP Leader 23-27 (documentos A, B, C, D) con WeTransfer

Bo día:

Xunto remitimos ficha con revisión da estratexia presentada que inclúe comentarios e suxestións sobre os diferentes epígrafes da plantilla.

Un saúdo cordial

Patricio Sánchez
correo electrónico: patricio@uvigo.es

El 02/03/2023 a las 19:31, WeTransfer escribió:

XORNADAS FORMATIVAS SOBRE OS POLÍGONOS AGROFORESTAIS E AS ALDEAS MODELO

De: AGDR.Secretaria <agdr.secretaria@agv.gal>
Enviado el: viernes, 31 de marzo de 2023 15:17
Asunto: Xornadas formativas sobre os polígonos agroforestais e as aldeas modelo

Boa tarde a tod@s!

Dende Agronovo por fin nos pasaron as datas para realizar as xornadas informativas on-line sobre os polígonos agroforestais e as aldeas modelos.

Serían as seguintes:

- **Día 11 de abril, de 12.00 a 12:45 Polígono agroforestal privado en Paradela (Lugo) e de 12:45 a 13:30 Polígono Agroforestal de Vences (Monterrei Ourense).**
- **Día 19 de abril, de 12.00 a 12:45 Polígono agroforestal de Cualedro e aldea modelo de Carzoá (Ourense) e de 12:45 a 13:30 Aldea de Meixide (A Veiga, Ourense)** este ultimo pendente de confirmar.

Quedaron en que o luns 10 de abril pola mañá pasarannos o enlace para as xornadas do 11.

Por outra parte, tal e como se comentou na última xunta directiva, se tras estas primeiras xornadas virtuais hai grupos interesados en visitar presencialmente estes polígonos e/ou aldeas, organizaríamos unha visita en canto as axendas o permitisen.

Un saúdo e bo fin de semana;

asociación de GDR de Galicia

SECRETARÍA DA ASOCIACIÓN DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

ENQUISA SOBRE AS XORNADAS DE FORMACIÓN E SOBRE OS GRUPOS TEMÁTICOS

De: AGDR.Secretaria <agdr.secretaria@agv.gal>
Enviado el: sábado, 22 de abril de 2023 8:05
Asunto: Enquisa sobre as xornadas de formación e sobre os grupos temáticos

Bo día a tod@s!

Tras a celebración das catro xornadas de formación on-line celebradas esta semana e anterior sobre aldeas modelo e polígonos agroforestais, queremos enviarvos unha enquisapara que as valoredes, e opinedes sobre a posibilidade de realizar máis xornadas virtuais e/ou visitas presenciais a algún dos proxectos.

Nesa enquisa tamén aproveitamos para preguntarvos sobre os temas nos que credes que deben centrarse os dous primeiros grupos temáticos que imos poñer en marcha nas próximas semanas.

A continuación, adxúntovos o enlace para que fagades a enquisa, pedíndovos que a fagades **antes do 2 de maio**:

- https://forms.gle/gRS4bPHBoREZcT5g7

Por se algún aínda non puido ver algunha das xornadas, adxúntovos de novo os enlaces para que as poidades ver:

GRAVACIÓNS

DATA	HORA	ALDEA/POLÍGONO	ZOOM	
11	12:00-12:45	Polígono agroforestal privado en Paradela (Lugo)	https://us06web.zoom.us/rec/share/8-UNRjU3V6-MhrLKlB9BdnsxajZP167KDl79lNWsTzdFESPhWhIayf5PO7DsQu2q.KUMLXJudbQMBQ9J8	Código de acceso: FB1*VR5N
11	12:45-13:30	Polígono agroforestal de Vences (Monterrei, Ourense)	https://us06web.zoom.us/rec/share/vBkfCW5ShfJJ-SYRD0BHBPL3OtCMY3hLIVlNuvLUZrWeg7FDZd8Oli866nbeuEQf.IHh54JaoYSaw8tZe	Código de acceso: wN5A$%^V
19	12:00-12:45	Polígono agroforestal de Cualedro e aldea modelo de Carzoá (Cualedro, Ourense)	https://us06web.zoom.us/rec/share/ydekUdedF-BCTgoYbuDJ4elj6bqSLzEkxmJc6rkuo6w-mlYoLTTEwm3WJ5nInwY.DHqlka0QebQOSG6X	Código de acceso: 5?Qrmy.G
19	12:45-13:30	Aldea modelo de Meixide (A Veiga, Ourense)	https://us06web.zoom.us/rec/share/QkwliZ3b2oK9TzkBr40QlwiKADMXwQRaN_J5m85luxwD1IElFfAFBw9Ndo7QC2iI.MDxYGds-U5Da3mCh	Código de acceso: 8fh&hb?D

Un saúdo e bo fin de semana;

asociación de GDR de Galicia

SECRETARÍA DA ASOCIACIÓN DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

MESA DE COORDINACIÓN GRUPOS GDR-PRESENTACIÓN GRUPOS FOCAIS

De: AGDR.Secretaria <agdr.secretaria@agv.gal>
Enviado el: lunes, 22 de mayo de 2023 11:36
Asunto: URXENTE RE: Presentación dos grupos focais

Bo día José Antonio!

A videoconferencia será o mércores 24 de maio, a partir das 9:30 horas, como poñía no correo.

Gracias por avisar dese dato erróneo. Esa data que dis do 23 está dentro da invitación de Zoom pegada. Non sei moi ben porque o pon, porque entrei no sistema e estaba programada para o mércores 24 ás 9:30. Aínda así, anulei esa convocatoria de Zoom e volvín crear outra (e agora si que aparecen os datos correctos).

Adxúntovos a continuación esa nova convocatoria. Se non vos importa, usade este enlace e esta clave para conectaros:

Tema: Grupos Focais AGDR

Hora: 24 may 2023 09:30 Madrid

Unirse a la reunión Zoom

https://us06web.zoom.us/j/89640142129?pwd=YUYwYkFsWXA0TW0rdDFnUkl2WTBSdz09

ID de reunión: 896 4014 2129

Código de acceso: 742400
Móvil con un toque
+17193594580,,89640142129#,,,,*742400# Estados Unidos
+12532050468,,89640142129#,,,,*742400# Estados Unidos

Marcar según su ubicación
ID de reunión: 896 4014 2129
Código de acceso: 742400
Encuentre su número local: https://us06web.zoom.us/u/kb1kPO0qW3

Atentamente;

asociación de GDR de Galicia

SECRETARÍA DA ASOCIACIÓN DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

REUNIÓN DE COORDINACIÓN ENTRE A AGADER E OS GDR

De: AGADER, Comunicación GDR <comunicaciongdr.agader@xunta.gal>
Enviado el: jueves, 11 de mayo de 2023 15:17
Asunto: Convocatoria 8ª mesa coordinación e acta VII mesa

Bos días

Achegámosvos, convocatoria da 8ª Mesa de Coordinación dos GDRs de Galicia, que se celebrará o próximo día 15 de maio, as 10:30h no Saviñao e a acta da VII Mesa de Coordinación para a vosa revisión.

Saúdos.

Comunicación. Subdirección de Relacións cos GDR
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERIA DO MEDIO RURAL
Lugar da Barcia 56, Laraño. -15897-Santiago de Compostela
Telf: 981 54 73 62 - 981 54 01 00
comunicaciongdr.agader@xunta.gal

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA ASOCIACIÓN GDRS DE GALICIA

De: AGDR.Secretaria <agdr.secretaria@agv.gal>
Enviado el: viernes, 19 de mayo de 2023 14:52
Asunto: Asamblea Xeral Ordinaria

Bo día a tod@s!

O martes **6 de xuño de 2023, a partir das 12:00 horas, terá lugar a Asamblea Xeral Ordinaria da Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia**. Será en Sergude, na sala anexa a oficina que AGADER nos cedeu.

No seguinte correo, adxuntámosvos toda a documentación necesaria:

- A orde do día
- A acta da última asamblea
- A memoria de actividades de 2022
- A proposta de actividades da Asociación para 2023 e o borrador do orzamento para este ano

No caso do orzamento, non é máis ca un borrador, xa que tras ter o presidente unha reunión coa directora xeral de AGADER, Inés Santé, e coa secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella, e sabendo que antes da asamblea tamén se reunirá co secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, esperamos contar con máis ingresos confirmados para poder executar proxectos este ano. En canto teñamos esa confirmación, tal e como acordou a xunta directiva, enviarémosvos os orzamentos modificados.

Un saúdo;

asociación de GDR de Galicia | SECRETARÍA DA ASOCIACIÓN DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

……

De: AGDR.Secretaria <agdr.secretaria@agv.gal>
Enviado el: viernes, 19 de mayo de 2023 15:24
Asunto: CORRECCIÓN: Asamblea Xeral Ordinaria

Ola!

Disculpade, pero no correo anterior púxemos no corpo do correo que a asamblea tería lugar na sala anexa á oficina que AGADER cedeu á asociación, pero, polo número de asistentes, a asamblea será no salón principal do Pazo de Quián (Sergude, Boqueixón), que é bastante máis grande.

Perdoade polas molestias.

……

De: AGDR.Secretaria <agdr.secretaria@agv.gal>
Enviado el: viernes, 26 de mayo de 2023 11:48
Asunto: Cambio ubicación Asamblea e reunión previa grupos tematicos

Bo día a todos,

Por un cambio de última hora motivado polas necesidades logísticas das Catas Oficiais dos Viños, Augardentes e Licores de Galicia que organiza a Consellería do Medio Rural, nin a Asamblea Xeral Ordinaria da Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia nin a reunión previa dos grupos temáticos do martes 6 de xuño de 2023 poderá realizarse en Sergude.

As dúas serán no **Auditorio del GDR Pontevedra Norte** que está en: *Polígono Lalín 2000; Rúa E, s/n* 36500 – Lalín (Pontevedra)

Desculpade as molestias.

Un saúdo,

asociación de GDR de Galicia
SECRETARÍA DA ASOCIACIÓN DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

MESA DE COORDINACIÓN GRUPOS FOCAIS ESTRATÉXICOS GDR

De: AGDR.Secretaria <agdr.secretaria@agv.gal>

Enviado el: jueves, 25 de mayo de 2023 16:06
Asunto: Reunión Grupos Focais 6 de xuño

Bo día a todos,

O vindeiro **martes 6 de xuño de 10 a 12h** terá lugar a primeira reunión de coordinación e activación da primeira fase dos grupos focáis. Será no Pazo de Quián, en Sergude (Boqueixón).

Adxuntamos o documento coa composición final dos grupos de traballo.

Un saúdo,

asociación de GDR de Galicia
SECRETARÍA DA ASOCIACIÓN DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

MESA DE COORDINACIÓN GRUPOS FOCAIS ESTRATÉXICOS GDR

De: AGDR.Secretaria <agdr.secretaria@agv.gal>

Enviado el: viernes, 23 de junio de 2023 21:02
Asunto: Reunión vía Zoom o mércores 28, ás 9:30 horas

Boa tarde!

O mércores 28 de xuño ás 9:30 horas haberá unha reunión telemática, vía Zoom, para falar dos grupos temáticos. A idea é elaborar unha línea de actuación común dos catro grupos que poidan valer de punto de partida para iniciar o traballo destes mesmos grupos temáticos, e que poidan valerlle aos GDR's para as estratexias.

Adxúntovos, de novo, como quedaron os grupos formados.

A continuación, adxúntovos o enlace para conectarvos. Só hai que poñer o código da reunión, nesta ocasión non hai sala de espera.

Atelier Gráfica Visual le está invitando a una reunión de Zoom programada.

Tema: Reunión sobre os grupos temáticos

Hora: 28 jun 2023 09:30 Madrid

Unirse a la reunión Zoom

https://us06web.zoom.us/j/83859536050?pwd=N3RTak5kNUJuaENTWjhWSGg4YzMxUT09

ID de reunión: 838 5953 6050
Código de acceso: 983131
Móvil con un toque
+13017158592,,83859536050#,,,,*983131# Estados Unidos (Washington DC)
+13052241968,,83859536050#,,,,*983131# Estados Unidos

Marcar según su ubicación
ID de reunión: 838 5953 6050
Código de acceso: 983131
Encuentre su número local: https://us06web.zoom.us/u/kbLypA3TD

Atentamente;

asociación de GDR de Galicia

SECRETARÍA DA ASOCIACIÓN DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL

Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN

GDR
PONTEVEDRA · MORRAZO